



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ NOS ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BAIONA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos as poboacións europeas están tendo problemas importantes de convivencia cidadá no espazo público.

Moitas son as causas que invocanse para explicar estas circunstancias: o agrupamento da poboación en torno as grandes urbes, a globalización, materialismo, e o individualismo motivaron una perda de valores, a relaxación das normas sociais, . Todo iso leva á inexistenza duns hábitos cívicos e ao declive das responsabilidades cidadás, como consecuencia dunha sociedade hedonista, que fixo do consumo masificado unha das razóns da súa existencia e cunha forte presenza do individualismo (o imperio do eu e o abandono do nós ou do eles) no espazo público.

Baiona non escapou a esa tendencia e presenta a peculiaridade adicional de ser unha vila turística dende fai máis de cen anos, que cuadriplica a súa poboación no verán.

Esas persoas buscan en Baiona un lugar de descanso e tamén de lecer. É obxectivo do Concello e dos veciños o poder compatibilizar ámbalas dúas facetas, tendo en conta que os dereitos duns acaban onde empezan os dos demais.

Aínda que o “botellón” foi o elemento que disparou a alarma social, outras moitas actividades tamén alteran a convivencia cidadá no espazo público.

Fronte á degradación do espazo público, os concellos teñen instrumentos limitados de acción.

As Ordenanzas municipais buscan poñer por escrito as actividades e conductas que esa comunidade considera adecuadas e cales non, establecendo os marcos de convivencia da veciñanza.

Esta Ordenanza non sería posible sen a colaboración de moitas persoas, que se implicaron neste documento: dende asociacións de veciños, como a do Casco Histórico (CAHIBA), ata asociacións de comerciantes e empresarios (ACEBA), funcionarios do Concello, equipo de goberno, mocidade e maiores.

A Ordenanza está integrada por 58 artigos e nela establece a finalidade, os fundamentos legais e os ámbitos de aplicación, así como as normas de conduta no espazo público, as infraccións, sancións e intervencións específicas en cada unha delas, pero buscando a rehabilitación das condutas dos infractores, tratando non de recadar e si de mudar comportamentos, polo que se contempla a posibilidade de substituír as sancións económicas por traballos en beneficio da comunidade, charlas, cursos ou sesións formativas sobre hábitos cívicos.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Ao longo desta Ordenanza trátanse os diferentes temas que alteran a convivencia cidadá: a concentración de persoas na vía pública, a contaminación acústica, a degradación visual do entorno urbano, a ocupación do espazo público por condutas que adoptan formas de mendicidade, o comercio ambulante, as actividades e prestacións de servizos non autorizados, os cans e outros animais na vía pública, o uso dos espazos naturais e zonas verdes e outros usos impropios.

O Concello esfórzase día a día, e servirse desta Ordenanza para garantir a maior calidade de vida de todo os veciños dende tódalas perspectivas, sendo a convivencia un elemento clave para logralo.

Dende o punto de vista material, esta Ordenanza actúa dentro do ámbito de competencias do que dispón o Concello co fin de evitar tódalas condutas que podan perturbar a convivencia e minimizar os comportamentos incívicos que se podan realizar no espazo público. Ten, por elo, unha natureza claramente transversal, ao afectar a un bo número de competencias locais e implicar unha gran parte da estrutura do sistema administrativo municipal.

De tódolos xeitos a solución punitiva, policial non é a solución definitiva. A única solución cabal para reforzar a convivencia cidadá e, sen dúbida, que os cidadáns incrementen o seu sentido de pertenza a cidade e os seus espazos públicos, que os preserven, os coiden, os fagan seus, que respecten as persoas que por elas transitan ou aquelas outras que viven en zonas colindantes non perturbando o seu descanso ou a súa tranquilidade. Así como que adoiten condutas ecoloxicamente responsables.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Finalidade, fundamentos legais e ámbito de aplicación

ARTIGO 1.- Obxecto da Ordenanza

1. Esta Ordenanza ten por obxecto preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo, no que tódalas persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro, recreo e de expresión, con pleno respecto a dignidade e a os dereitos dos demais.

O obxecto da presente ordenanza é o de protexer a natural utilización dos espazos públicos pola cidadanía, evitando un uso específico, excluínste e abusivo de ditos espazos, dirixido ao consumo de bebidas alterando a normal convivencia cidadá. En tal senso, a estes efectos, inclúese no concepto de convivencia cidadá, o dereito de cada persoa ao descanso e disfrute dos espazos públicos, regulado na lexislación sectorial e disposicións de desenvolvemento en materia dos dereitos a un medio ambiente adecuado e á salubridade e saúde pública, protección fronte o ruído e a contaminación acústica, residuos sólidos urbanos e limpeza viaria.



ARTIGO 2.-. O marco normativo dentro do que se desenvolve esta Ordenanza ven establecido por :

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Constitución Española de 27.12.1978.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre drogas de Galicia.
- Lei orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- Lei orgánica 9/1983, de 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.
- Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos.
- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 13/2006, de 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.
- Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- Decreto 320/2002, do 7 de novembro pola que se aproba o Regulamento que establece as Ordenanzas Tipo sobre protección contra a contaminación acústica.

ARTIGO 3.- Ámbito de aplicación obxectiva.

1. Esta Ordenanza aplicase en todo o termo municipal de Baiona.
2. Particularmente, a Ordenanza e de aplicación en tódolos espazos públicos da vila, como rúas, vías de circulación, beirarrúas, prazas, avenidas, paseos, parques, xardíns e demais espazos ou zonas verdes ou forestais, pontes, túneles e pasos subterráneos, aparcadoiros, fontes e estanques, edificios públicos e demais espazos destinados ó uso ou ó servizo público, así como a construcións, instalacións, mobiliario urbano e demais bens e elementos de dominio público municipal situados en aqueles.
3. A Ordenanza aplicarase tamén a espazos, construcións, instalacións e bens de titularidade privada cando dende eles realícense condutas ou actividades que afecten ou poidan afectar negativamente a convivencia e ó orden público nos espazos, instalacións e elementos sinalados nos apartados anteriores, ou cando o descoido ou a falta de un adecuado mantemento dos mesmos por parte dos seus propietarios, arrendatarios ou usuarios poida implicar igualmente consecuencias negativas para a convivencia ou o civismo no espazo público.



TÍTULO II Capítulo I

Concentración de persoas na vía pública

ARTIGO 4.- *Normas de conducta.*

1.- Queda prohibida a permanencia e concentración de persoas en espazos de dominio público consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades cando alteren a convivencia cidadá a menos de 100 metros de zonas habitadas ou en praias e espazos naturais. A anterior prohibición queda sen efecto naqueles espazos públicos reservados expresamente para o consumo de bebidas, como terrazas e veladores, así como feiras, romarías, festas e festexos populares, ou naqueles outros supostos que dispoñan da correspondente autorización ou licenza municipal, sempre que a mesma non implique alteracións do orden público.

Considerarase alterada gravemente á convivencia cidadá cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Alto número de persoas concentradas nos espazos abertos. O elevado número de persoas estará en relación coa superficie do espazo e mailo número de vivendas existentes no entorno.
- c) Existencia de reiteradas queixas cidadás.
- d) Existencia de actos vandálicos producidos na zona que ocasionen danos en bens públicos e privados.
- e) Existencia de problemas hixiénico sanitario, situación de insalubridade e de contaminación acústica.

Enténdese por espazos de dominio público o conxunto de bens e dereitos de titularidade pública, non posuídos de forma privativa, destinados ó uso público.

2. En atención aos preceptos anteriores, prohíbese nas vías e zonas públicas, a distribución e subministro de bebidas, incluso dende vehículos automóbiles, caravanas, carros, barracas ou similares, se realicen a título oneroso ou gratuíto, bardante nos supostos expresamente autorizados polo Concello.

Os titulares dos establecementos públicos con autorización de terraza, veladores que permitan a consumición das bebidas que expiden fóra do seu establecemento serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias que se puidesen producir.

3.- Consonte o establecido nos artigos 12, 13 e 15 da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade,

3.1.- Queda expresamente prohibido o consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade.



3.2.- Queda expresamente prohibida a venda e subministración de bebidas alcohólicas a menores de idade.

3.3.- Queda expresamente prohibida a venda, subministración ou consumo de bebidas alcohólicas nos centros docentes para menores de idade, nos recintos e espazos destinados á realización e seguimento de actividades deportivas, no momento en que os deportistas ou practicantes sexan maioritariamente menores de idade, e nos centros destinados a menores de idade.

3.4.- Queda expresamente prohibida a venda e subministración a menores de idade de calquera produto que imite os envases de bebidas alcohólicas.

3.5.- Queda prohibida toda clase de publicidade directa, indirecta ou subliminar de bebidas alcohólicas:

- Nos centros docentes para menores de idade.
- Nos centros destinados para menores de idade.
- En todos aqueles centros a que teñan acceso maioritariamente os menores de idade.
- Nos recintos ou locais destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas durante as actividades en que o acceso ou participación sexa maioritariamente de menores de idade.

3.6.- Queda prohibido calquera tipo de patrocinio ou financiamento de programas, espazos, páxinas ou servizos cos distintivos de bebidas alcohólicas en actividades - deportivas, educativas, recreativas ou espectáculos públicos- dirixidas ou nas cales participen maioritariamente menores de idade.

3.7.- Queda prohibido calquera tipo de promoción que poida inducir ao consumo abusivo de bebidas alcohólicas, especialmente as que poidan inducir a el por rebaixa dos seus prezos no interior dos establecementos onde estea autorizada a súa venda para o consumo no propio local.

3.8. Queda prohibida a venda de alcohol entre as 22.00 e as 9.00 horas do día seguinte. Non obstante quedan excluídas da prohibición anterior a venda para o consumo nos propios establecementos autorizados, a venda electrónica, a venda para a distribución a profesionais e a venda nos mercados de abastos, nos seus horarios autorizados.

4. Venda e subministración a través de máquinas expendedoras

As máquinas expendedoras de bebidas alcohólicas deberán incorporar os mecanismos técnicos adecuados que permitan impedir o acceso a elas das persoas non autorizadas ao consumo.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

As máquinas expendedoras de bebidas alcohólicas só se poderán situar no interior de locais, centros ou establecementos en que non estea prohibido o seu consumo, nun lugar que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores.

As máquinas expendedoras de bebidas alcohólicas non se poderán situar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais, como son as zonas de cortaventos, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que poidan ser parte dun inmoible pero non constitúen propiamente o interior deste.

ARTIGO 5.- Espazos privados.

Cando as actividades ás que se refire o artigo 4.1, se realicen en espazos privados, sen autorización ou licenza, nos supostos referidos á alteración da convivencia atenderase ao establecido na vixente lexislación e disposicións de desenvolvemento de protección do medio ambiente contra o ruído e a contaminación acústica e Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia, Decreto 320/2002, do 7 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica aprobado pola Consellería de Medio Ambiente e demais disposicións regulamentarias.

ARTIGO 6.-Da actuación inspectora.

1.-A Policía Local así como os servizos técnicos municipais competentes inspeccionarán de oficio ou a instancia de parte, os establecementos aos que se refire a presente ordenanza, ao obxecto de comprobar o cumprimento das determinacións establecidas na mesma.

2.-A Policía Local procederá á identificación das persoas que se atopen incumprindo o preceptuado na presente ordenanza, ordenando o desaloxo e dispersando no seu caso, as persoas concentradas que alteren a orde pública.

3.-Comprobado pola Policía Local, como consecuencia da inspección realizada, algún feito subsumible nas condutas descritas como prohibidas pola presente ordenanza, estenderá o correspondente boletín de denuncia ou levantará acta en triplicado exemplar, nos que se fará constar os feitos presuntamente constitutivos da infracción e os datos que permitan a identificación do presunto infractor, entregando copia ao interesado e remitindo o orixinal ao órgano instructor para que, se no seu caso procede, a incoación do oportuno expediente sancionador.

4.-Nos supostos de consumo de bebidas alcohólicas nas vías ou espazos públicos con alteración da orde pública, os axentes da autoridade retirarán e intervirán as mesmas, así como os envases e demais elementos afectos á infracción cometida, co obxecto da súa destrución inmediata.



ARTIGO 7.- Medidas preventivas.

O Concello de Baiona promoverá o desenvolvemento de campañas de información e sensibilización social, convivencia e civismo co fin de acadar que as condutas e actitudes da cidadanía se adecúen ós estándares mínimos de convivencia co obxectivo de garantir o civismo e de mellorar a calidade de vida no espazo público da nosa vila.

O Concello de Baiona, con carácter anual e previo o inicio da tempada estival reunirse cos distintos axentes sociais para poñer en común as propostas de actuación que se consideren precisas.

ARTIGO 8.- Réximen de sancións.

O procedemento para a sanción das infraccións sinaladas na presente ordenanza aplicarase de conformidade coa Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; o Título XI da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local e o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Non obstante as limitacións ó consumo, venda, subministración, publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas relacionadas no artigo 4.3 desta ordenanza sancionárase de acordo o capítulo III da Lei 11/2011, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

ARTIGO 9.- Infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves

- a) As concentracións de persoas na vía pública nas que se consuma alcohol e que vulneren o disposto no artigo 4.1 da presente ordenanza, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá.
- b) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización, ou o impedimento ou a grave e relevante obstrución ó normal funcionamento dun servizo público.
- c) O incumprimento das ordes ou requirimentos formulados polas autoridades municipais ou os seus axentes en directa aplicación da presente ordenanza.
- d) A comisión de dúas faltas graves no prazo dun ano, cando se sancionou a primeira delas por resolución firme en vía administrativa.

ARTIGO 10.- Infraccións graves.

Son infraccións graves

- a) As concentracións de persoas na vía pública nas que se consuman bebidas, que afecten negativamente á convivencia cidadá, sen causar unha perturbación grave da mesma.



- b) Timbrar indiscriminadamente nos portais dos edificios de xeito que se impida o descanso nocturno
- c) A obstrución ó normal funcionamento dun servizo público.
- e) A comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano cando se sancionou a primeira delas por resolución firme en vía administrativa.

ARTIGO 11.-*Infraccións leves.*

Son infraccións leves

- a) As cometidas por simple descoido ou negligencia leve, que supoñan a vulneración do disposto na presente ordenanza e repercutan na idónea convivencia cidadá.
- b) Realización de actos que ocasionen danos ou estragos no mobiliario ou equipamento urbano pero non impiden o seu uso, tales como pintadas, grafites etc.
- c) Realizar necesidades fisiolóxicas nos espazos públicos agás nas instalacións destinadas especialmente á realización das mesmas.
- d) Golpear o mobiliario urbano ou os residuos existentes na vía pública.
- e) Obstruír os accesos ós portais veciñais ou á entrada de garaxes públicos ou privados de xeito que se impida a súa normal utilización.
- f) Calquera das condutas reguladas nos artigos anteriores que non revistan a condición de moi graves ou graves

ARTIGO 12.-*Sancións.*

As infraccións anteriores sancionaranse con arranxo ao seguinte baremo:

- Infraccións moi graves, multa de 1.501 ata 3.000 euros.
- Infraccións graves, multa de 751 ata 1.500 euros.
- Infraccións leves, multa de 200 ata 750 euros.

Capítulo II

Contaminación acústica

ARTIGO 13.- *Normas de conduta.*

A produción de ruídos no interior dos edificios entre as 22:00 e as 8:00 deberá reducirse ó mínimo para non perturbar o descanso dos veciños. Concretamente queda prohibido

- a) Cantar, usar instrumentos musicais ou semellantes, gritar ou vociferar.
- b) Realizar reparacións domésticas ou traballos que produzan molestias.
- c) Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, que leve consigo unha perturbación por ruídos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conduta cívica normal.

As persoas titulares dos establecementos de actividades de pública concorrencia están obrigados a velar polo orden público e o descanso veciñal, e son directamente responsables do comportamento sonoro da súa clientela. Polo que, son tamén directamente responsables de adoptar as medidas adecuadas para evitar estes actos incívicos ou molestos, e se



recomenda, a este efecto, a instalación dunha placa no exterior dos establecementos de pública concorrência, especialmente nos establecementos musicais, onde se pida o respecto ó descanso veciñal.

Con carácter xeral prohibese en vías e zonas públicas o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos, salvo que dispoñan de autorización municipal ou se trate de actos deportivos e culturais de concorrência pública ou durante períodos electorais.

ARTIGO 14.- *Controis.*

A Policía Local poderá realizar comprobacións das molestias orixinadas por comportamentos incívicos. De ser certos os feitos denunciados, emitirá informe ao respecto.

Os feitos descritos no artigo 13 serán constitutivos de infracción leve sancionable con multa de entre 200 ata 750 euros e grave no caso de reincidencia con multa de 751 ata 1.500 euros.

Os axentes da autoridade aperibirán persoalmente as persoa infractora para que de forma inmediata cese no seu comportamento, sen prexuízo das sancións que corresponda impoñer pola infracción cometida, e da reclamación que polos danos e prexuízos ocasionados se poida efectuar, no seu caso.

Capítulo III

Degradación visual do entorno urbano

Grafitos, pintadas e outras expresións gráficas

ARTIGO 15.- *Normas de conduta.*

1. Co fin de protexer a paisaxe urbana e evitar a degradación arquitectónica, así como contribuír ó envellecemento do noso municipio, prohibese a realización de calquera tipo de grafito, pintada, mancha, garabato, escrito, inscrición ou grafismo, con calquera materia (tinta, pintura, materia orgánica, ou similares) incluído el raiado da superficie, sobre calquera tipo de fachadas (exteriores, interiores, medianeiras e cubertas de edificios públicos ou privados) ou elemento do espazo público, así como no interior ou o exterior de equipamentos, infraestruturas ou elementos dun servizo público e instalacións en xeneral, incluídos transporte público, equipamentos deportivos, equipamentos en xeneral, mobiliario urbano, árbores, xardíns e vías públicas en xeneral

2. Cando o mural artístico ou o grafito se realice nun ben privado que se atope instalado de maneira visible ou permanente na vía pública, necesitarase a autorización da propiedade, e en todo caso, a autorización expresa do Concello. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza por parte dos obrigados.

3. Os organizadores de calquera acto público de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva, ou de calquera outra índole, velarán por que non se produzan, durante a súa



celebración, condutas de degradación visual do espazo utilizado. Se con motivo de calquera de estes actos se producen as condutas descritas no apartado primeiro de este artigo, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente a os axentes da autoridade, e adoptar as medidas de que dispoñan para deter tales condutas.

4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos padres, tutores ou gardadores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións descritas neste artigo cometidas polos menores que se atopen baixo a súa tutela, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

ARTIGO 16.- *Réxime de sancións.*

1. A realización das condutas descritas no artigo precedente terán a consideración de infracción leve, e serán sancionadas con multa de 200 ata 750 euros. Para a imposición das sancións atenderase a natureza e entidade dos prexuízos causados.

2. Constitúe infracción grave a reiteración das infraccións leves no prazo de dous anos, e serán sancionadas con multa de 751 a 1500 euros. Para a imposición das sancións se atenderá a natureza e entidade dos prexuízos causados.

3. Así mesmo, o Concello poderá comparecer nas causas abertas en xulgados e tribunais, nos supostos que supoñan un ilícito sobre o patrimonio histórico-artístico, cultural ou monumental, previstos na lexislación penal.

ARTIGO 17.- *Intervencións específicas.*

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade poderán retirar e intervir cautelarmente os materiais ou medios empregados.

2. Se polas características da expresión gráfica, o material empregado ou o ben afectado fora posible a limpeza e a restitución inmediata ó seu estado anterior, os axentes da autoridade apercibirán persoalmente a persoa infractora a que proceda a súa limpeza, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan pola infracción cometida.

3. O Concello, subsidiariamente, poderá limpar ou reparar os danos causados pola infracción, con cargo a persoa ou persoas responsables e sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes.

4. O infractor poderá solicitar a substitución da multa pola obrigaçión persoal de traballos de limpeza de pintadas na vía pública ou similares, nas condicións que fixe o órgano municipal competente para a imposición das sancións, que serán proporcionadas a entidade do dano producido.



5. Cando o grafito ou a pintada poidan ser constitutivos da infracción patrimonial prevista na lexislación penal, os axentes da autoridade poñerano en coñecemento da autoridade xudicial competente.

Pancartas, carteis, folletos e similares

ARTIGO 18.- Normas de conduta.

1. Ó obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixise o ornato público e a estética do municipio, establececese o seguinte réxime respecto a colocación e reparto de pancartas, carteis, folletos e similares:

a) Está prohibida a colocación de carteis, rótulos, pancartas, adhesivos, papeis pegados ou calquera outra forma de publicidade, anuncio ou propaganda en calquera espazo público ou elemento da paisaxe e o mobiliario urbano e natural, salvo nos lugares expresamente habilitados ó efecto pola autoridade municipal, e previa obtención da correspondente autorización municipal.

En todo caso a autorización referirase a colocación de carteis, pancartas e elementos que non danen nin ensucien a superficie e sexan de fácil extracción, con compromiso por parte do solicitante da autorización de retiralos no prazo que se estableza. Poderán colocarse carteis en escaparates, portais e noutros lugares situados no interior dos establecementos.

b) Prohíbese esparcir e tirar toda clase de folletos ou papeis de publicidade comercial ou calquera material similar nas vías públicas e espazos públicos e outros espazos definidos no artigo 3 desta Ordenanza.

c) Prohíbese rascar, arrancar e tirar ó espazo público carteis, anuncios, pancartas e obxectos similares.

d) A instalación de vallas e carteleiras publicitarias sen autorización municipal someteranse a vixente normativa municipal na materia.

e) Os titulares da autorización serán responsables da retirada dos elementos instalados e de repor os elementos ó seu estado anterior, de acordo coas indicacións que dean os servizos municipais.

2. Os propietarios ou titulares de inmobles, monumentos, quioscos, etc., coidarán, en cumprimento da obrigaçión de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil. Unicamente permitirase a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados a este obxecto, sempre que, ademais, estean amparados pola preceptiva autorización e se cumbran as normas específicas sobre publicidade.



ARTIGO 19.- Excepcións.

1. Durante os períodos electorais e aqueles outros de xeneral participación cidadán nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Baiona adoptará, de conformidade co que se dispoñía na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

2. Aquelas outras actuacións autorizadas pola Autoridade Municipal.

ARTIGO 20.- Réxime de sancións.

1. Os feitos descritos no artigo 18 serán constitutivos de infracción grave e sancionados con multa de 751 a 1.500 euros.

2. Cando as infraccións precedentes se realicen sobre monumentos ou edificios catalogados ou protexidos, terán a consideración de moi graves, e serán sancionadas con multa de 1.501 a 3.000 euros. Terá a mesma consideración e o importe da multa será o mesmo cando a colocación de carteis, pancartas ou adhesivos se faga en sinais de tráfico de maneira que imposibilite unha correcta visión por parte dos condutores e/os peatóns.

De igual maneira, considerase moi grave calquera suposto de publicidade que promova ou fomente calquera conduta discriminatoria, sexa de contido xenófobo, racista, sexista, homófobo ou violento.

ARTIGO 21.- Intervencións específicas.

1. Os axentes da autoridade aperibirán persoalmente a persoa infractora a que proceda a retirar o material e reparar os danos efectuados pola súa colocación, sen prexuízo das sancións que corresponda impoñer pola infracción cometida, e da reclamación que polos danos e prexuízos ocasionados se poida efectuar, no seu caso.

2. O Concello, subsidiariamente, poderá retirar os elementos de propaganda ou publicidade con cargo a persoa ou persoas responsables, sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes.

Capítulo IV

Ocupación do espazo público por condutas que adoptan formas de mendicidade

ARTIGO 22.- Normas de conduta.

1. Prohíbense aquelas condutas que, baixo a aparencia de mendicidade ou baixo formas organizadas, representen actitudes coactivas ou de acoso, ou obstaculicen e impidan o libre tránsito dos cidadáns por beirarrúas, prazas, ou outros espazos públicos.



EXCMO. CONCELLO
D E
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2. Queda igualmente prohibido o ofrecemento de calquera ben ou servizo a persoas que se atopen no interior de vehículos privados ou públicos. Considéranse incluídos neste suposto, entre outros comportamentos, a limpeza dos parabrisas dos automóbiles detidos nos semáforos ou na vía pública así como a procura e a vixilancia de aparcadoiros a terceiros.
3. Sen prexuízo do previsto na lexislación penal, queda totalmente prohibida a mendicidade exercida por menores ou aquela que se realice, directa ou indirectamente, con menores ou persoas con discapacidade.
4. Prohíbese tamén a realización no espazo público de actividades de calquera tipo cando obstrúan ou poidan obstruír o tráfico rodado pola vía pública, pondo en perigo a seguridade das persoas por desenvolverse na calzada, nos semáforos ou invadindo espazos de tráfico rodado.

ARTIGO 23.- Réxime de sancións.

1. Cando a infracción consista no obstáculo do libre tránsito dos cidadáns polos espazos públicos, os axentes da autoridade recordarán, en primeiro lugar, a estas persoas que ditas prácticas están prohibidas pola presente Ordenanza. Se a persoa persistira na súa actitude e non abandonara o lugar, procederase a imporlle a sanción que corresponda.
2. A realización das condutas descritas nos apartados 1 e 2 do artigo anterior son constitutivas dunha infracción leve, e poderán ser sancionadas cunha multa de 200 ata 750 euros, salvo que os feitos poidan ser constitutivos dunha infracción mais grave.
3. As condutas recollidas no apartado 4 do artigo anterior terán a consideración de infraccións graves, e serán sancionadas con multa de 751 euros ata 1500 euros.
4. Se a mendicidade e exercida por menores, as autoridades municipais prestarán a estes, de forma inmediata, a atención que sexa precisa, sen prexuízo de que se adopte o resto das medidas que prevé, no seu caso, o ordenamento xurídico. Considérase, en todo caso, infracción moi grave, e será sancionada con multa de 1.501 a 3.000 euros, a mendicidade exercida, directa ou indirectamente, con acompañamento de menores ou con persoas con discapacidade, sen prexuízo do previsto na lexislación penal.

ARTIGO 24.- Intervencións específicas.

1. Os axentes da autoridade, ou no seu caso os servizos sociais, informarán a tódalas persoas que exerzan a mendicidade en lugares de tránsito público das dependencias municipais e dos centros de atención institucional ou de carácter privado (asociacións, organizacións non gobernamentais, ONG, etcétera) a os que poidan acudir para recibir o apoio que sexa necesario para abandonar estas prácticas.



Capítulo V *Necesidades fisiolóxicas*

ARTIGO 25. Normas de conduta.

1. Está prohibido facer necesidades fisiolóxicas, tales como defecar, orinar, escupir, en calquera dos espazos definidos no artigo 3 desta Ordenanza como ámbito de aplicación obxetiva da mesma.
2. Considérase especialmente grave a conduta descrita no apartado anterior cando se realice en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores, ou cando se faga en monumentos ou edificios catalogados ou protexidos.

ARTIGO 26. Réxime de sancións.

1. A conduta descrita no apartado 1 do artigo precedente será constitutiva de infracción leve, e sancionarse con multa de 200 euros ata 750 euros, salvo que o feito constituía unha infracción mais grave.
2. Constituirá infracción grave, sancionada con multa de 751 euros ata 1.500 euros, a conduta descrita no apartado 2 do artigo precedente.

Capítulo VI *Comercio ambulante, actividades e prestación de servizos non autorizados*

Comercio ambulante non autorizado

ARTIGO 27.. Normas de conduta.

1. Está prohibida a venda ambulante no espazo público de calquera tipo de ben ou produto, salvo habilitación administrativa ó respecto que deberá ser perfectamente visible.
2. Queda prohibido colaborar no espazo público cos vendedores ambulantes non autorizados, con accións como facilitar o xénero ou vixiar e alertar sobre a presenza dos axentes da autoridade.
3. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos realízanse ditas condutas, os seus organizadores comunicaranos inmediatamente ós axentes da autoridade.



ARTIGO 28. Réxime de sancións.

-1. As condutas prohibidas descritas nos dous primeiros apartados do artigo precedente sancionaranse de conformidade ó disposto na vixente Ordenanza Municipal

2. A conduta prohibida descrita no apartado 3 do artigo precedente é constitutiva de infracción grave, que se sancionará con multa de 751 a 1.500 euros.

ARTIGO 29- Intervencións específicas.

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade poderán retirar e intervir cautelarmente o xénero ou os elementos obxecto das prohibicións e os materiais ou os medios empregados. Se tratase de alimentos ou bens funxibles, destruíranse ou daráselle o destino que sexa máis adecuado para o interese xeneral.

Actividades e prestación de servizos non autorizados

ARTIGO 30. Normas de conduta.

1. Prohíbese a realización de actividades e a prestación de servizos non autorizados no espazo público, como tarot, vixilancia, masaxes, tatuaxes, vixilancia de vehículos ou outros que contradigan a lexislación sobre propiedades industriais e intelectual, a competencia desleal e os dereitos dos consumidores e usuarios e aqueles que necesiten licenza de actividade.

2. Prohíbese a exposición para venda de vehículos na vía pública sen autorización municipal.

3. Queda prohibido colaborar no espazo público con quen realiza as actividades ou presta os servizos non autorizados, con accións como vixiar e alertar sobre a presenza dos axentes da autoridade.

4. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos se realizan as condutas descritas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente ós axentes da autoridade.

ARTIGO 31.- Réxime de sancións.

1. Sen prexuízo da lexislación penal, as condutas prohibidas tipificadas nos tres primeiros apartados do artigo precedente serán constitutivas de infracción grave, que se sancionará con multa de entre 751 ata 1500 euros.



2. A conduta prohibida descrita no apartado 4 do artigo precedente é constitutiva de infracción leve, que se sancionará con multa de ata 750 euros.

ARTIGO 32. Intervencións específicas.

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade poderán retirar e intervir cautelarmente o xénero ou os elementos obxecto das prohibicións, e os materiais ou os medios empregados.

Capítulo VII

Actitudes vandálicas no uso do mobiliario urbano.

ARTIGO 33.- Normas de conduta.

1. Están prohibidas as condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeneren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou os bens.

2. Quedan prohibidos os actos de deterioro grave, como destrozos dos espazos públicos ou as súas instalacións ou elementos, xa sexan mobles ou inmoables.

3. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos realízanse ditas condutas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente ós axentes da autoridade.

4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou titores ou gardadores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables dereitos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

ARTIGO 34.- Réxime de sancións.

1.- Os actos de deterioro descritos no apartado 2 e 3 do artigo precedente son constitutivos de infracción grave e se sancionarán cunha multa de 751 euros ata 1500 euros

2. Sen prexuízo da lexislación penal e de protección da seguridade cidadá, as condutas descritas no apartado 1 do artigo precedente son constitutivas de infracción moi grave, e serán sancionadas con multa de 1.501 a 3.000 euros.



Capítulo VIII *Cans e outros animais na vía pública*

ARTIGO 35.- *Normas de conduta.*

1. As persoas que leven animais domésticos (inclusive animais de granxa) por vías e espazos públicos deberán impedir que estes depositen as súas dexeccións nas beirarrúas, rúas, paseos, xardíns e, en xeneral, calquera lugar dedicado ó tránsito de persoas ou xogos infantís.
2. As persoas que leven animais domésticos por vías e espazos públicos deberán recoller os excrementos sólidos que os mesmos depositen na vía pública. No caso contrario os propietarios ou responsables serán sancionados.
3. As dexeccións recollidas deberanse introducir nunha bolsa e depositaranse nun contenedores orgánicos e papeleiras destinadas ó efecto.
4. Os propietarios ou posuidores de animais de compañía quedan obrigados ó cumprimento do disposto na presente Ordenanza e na ordenanza reguladora da circulación dos cans polas vías e espazos públicos sendo os responsables dos danos e prexuízos ocasionados polos seus animais.

ARTIGO 36. *Réxime de sancións.*

O incumprimento das normas de conduta descritas no artigo precedente, é constitutivo de infracción grave, que se sancionará con multa de 751 a 1.500 euros.

ARTIGO 37. *Intervencións específicas.*

Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade apercibirán ós infractores para que procedan a retirada das dexeccións evacuadas polos animais de compañía da súa propiedade ou que conduzan no momento de producirse a infracción, sen prexuízo das sancións que sexan pertinentes.

Así mesmo, serán responsables dos custes derivados da emenda do espazo da vía pública afectada.

Capítulo IX *Uso dos espazos naturais e zonas verdes*

ARTIGO 38. *Normas de conduta.*

1. Todas as persoas están obrigadas a respectar os parques e xardíns e demais espazos ou zonas verdes ou forestais (en adiante zonas verdes), así como o arborado existente na localidade absténdose de calquera acto que os poida danar, afean ou ensuciar.



2. Prohíbese realizar calquera actividade que poida deteriorar as zonas verdes, así como danar o arborado e plantacións existentes en calquera forma.

3. Está prohibido o acceso e a circulación das motocicletas e dos automóbiles nas zonas verdes, salvo para os vehículos autorizados e os vehículos dos servizos municipais.

ARTIGO 39.- *Réxime de sancións.*

1. Sen prexuízo da lexislación de medio ambiente en materia de protección de arborado e zonas verdes, a realización das condutas descritas nos dous primeiros apartados do artigo precedente será constitutiva de infracción leve, que se sancionará con multa de 200 ata 750 euros.

2. Así mesmo, e sen prexuízo da lexislación de medio ambiente en materia de protección, a conduta prohibida descrita no apartado 3 do artigo precedente é constitutiva de infracción grave que se sancionará con multa de 751 a 1.500 euros.

Capítulo X

Outros usos impropios do espazo público

Uso inadecuado do espazo público para xogos

ARTIGO 40.- *Normas de conduta.*

1. Prohíbese a práctica de xogos e de competicións deportivas masivas e espontáneas no espazo público non destinado a estes usos, que perturben os lexítimos dereitos dos veciños ou dos demais usuarios do espazo público, salvo autorización municipal.

2. Está prohibido, igualmente, a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patíns, monopatíns ou similares fora das áreas destinadas a tal efecto, así como a utilización para realizar acrobacias con estes obxectos de escaleiras para peóns, elementos para a accesibilidade de persoas discapacitadas, varandas, bancos, pasamáns, ou calquera outro elemento do mobiliario urbano, salvo celebración de actos e sempre con autorización municipal.

3. Está especialmente prohibida a práctica de xogos con instrumentos u outros obxectos que poidan por en perigo a integridade física dos usuarios do espazo público, así como a integridade dos bens, servizos ou instalacións, tanto públicos como privados.

ARTIGO 41. *Réxime de sancións.*

1. Os axentes da autoridade recordarán a estas persoas que ditas prácticas están prohibidas pola presente Ordenanza. Se a persoa persistira na súa actitude poderá ser sancionada de acordo co apartado seguinte.



2. O incumprimento das normas previstas no artigo anterior considerarase infracción leve e será sancionada con multa de 200 ata 750 euros, salvo que o feito constituía unha infracción máis grave.
3. Terán, non obstante, a consideración de infraccións graves, e serán sancionadas con multa de 751 a 1500 euros:
 - a) A práctica de xogos que impliquen un risco relevante para a seguridade das persoas ou os bens, e, en especial, a circulación temeraria con bicicletas, patíns, monopatíns ou similares por beirarrúas ou lugares destinados a peóns.
 - b) A utilización de elementos ou instalacións arquitectónicas ou do mobiliario urbano para a práctica de actividades con bicicleta, monopatín, patíns ou similares cando se poñan en perigo de deterioro.

ARTIGO 42.- Intervencións específicas.

1. Tratándose da infracción consistente na práctica de xogos no espazo público, os axentes da autoridade poderán proceder a intervención cautelar dos medios empregados.
2. Igualmente, no caso das infraccións graves previstas no apartado terceiro do artigo anterior, os axentes poderán intervir cautelarmente o medio empregado ou similar con que se faga producido a conduta.
3. Os medios cautelarmente intervidos deberán ser depositados no correspondente depósito municipal durante o prazo determinado pola autoridade administrativa e serán retirados unha vez abonada a sanción correspondente percibíndose gastos de depósito nos termos dispostos na lexislación vixente.

Capítulo XI

Utilización do espazo público para prácticas sexuais e ofrecemento e demanda de servizos sexuais

ARTIGO. 43. Normas de conducta.

1. Prohíbese todo tipo de actos sexuais ou obscenos na vía pública ou no interior de vehículos que se encontren en calquera espazo público, sempre que estes actos transcendan ou se perciban dende calquera ámbito público.
2. Prohíbese o ofrecemento, solicitude, negociación e aceptación directa ou indirectamente de servizos sexuais retribuídos no espazo público da cidade de Baiona , en todo seu termo municipal.
3. Considérase especialmente grave a práctica de actividades sexuais, o ofrecemento, a solicitude, a negociación ou a aceptación de servizos sexuais retribuídos no espazo público da cidade de Baiona, cando estas condutas se leven a cabo en espazos situados a menos de douscentos metros de distancia de zonas residenciais, centros educativos ou



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

calquera outro lugar onde se realice actividade comercial, empresarial ou de especial concurrencia.

ARTIGO 44. Réxime de sancións.

1. Os axentes da autoridade, nos casos previstos no artigo anterior, apercibirán a estas persoas que ditas prácticas están prohibidas pola presente Ordenanza.

2. No caso de non acatar o apercibimento do axente e abandonar o lugar, as conductas recollidas no apartado 1 e 2 do artigo anterior terán a consideración de leves, e serán sancionables con multa de 200 ata 700 euros.

3. No caso de non acatar o apercibimento do axente e abandonar o lugar, as conductas recollidas no apartado 3 do artigo anterior terán a consideración de moi graves, e serán sancionables con multa de 1.501 a 3.000 euros.

ARTIGO 45. Intervencións específicas.

1. O Concello de Baiona, a través dos servizos municipais e sociais competentes, co auxilio dos axentes da autoridade, se e o caso, prestará información e axuda a todas aquelas persoas que presten servizos sexuais retribuídos en espazos públicos e queiran abandonar seu exercicio.

2. O Concello, a través dos servizos municipais correspondentes e dos recursos dispoñibles o que se poidan crear, levarán a cabo actuacións coas persoas que realizan esta actividade no espazo urbano, e especialmente:

- a) Informará sobre os servizos públicos dispoñibles e moi especificamente os relacionados con servizos sociais, servizos educativos e servizos sanitarios.
- b) Informar dos dereitos fundamentais destas persoas.
- c) Colaborar coas entidades referentes nesta materia para ofrecer nova formación as persoas que integran este colectivo.
- d) Informar sobre os recursos laborais dispoñibles dende a Administración ou en colaboración coas entidades referentes na materia.

3. O Concello de Baiona colaborará intensamente na persecución e represión das conductas atentatorias contra a liberdade e integridade sexual das persoas que poidan cometerse no espazo público, en especial as actividades de proxenetismo ou calquera outra forma de explotación sexual, e, moi especialmente, no relativo aos menores.

Outros usos impropios

ARTIGO 46.- Normas de conduta.

1. Queda prohibido facer un uso impropio dos espazos públicos e os seus elementos, de maneira que impida ou dificulte a utilización ou o disfrute polo resto dos usuarios.



2. Sen prexuízo do disposto noutras Ordenanzas Municipais, non están permitidos os seguintes usos impropios dos espazos públicos e dos seus elementos:

- a) Acampar nas vías e os espazos públicos, acción que inclúe a instalación estable nestes espazos públicos ou os seus elementos ou mobiliario neles instalados, ou en tendas de campaña, vehículos, autocaravanas ou caravanas, salvo autorizacións para lugares concretos. Tampouco está permitido durmir de día ou de noite nestes espazos.
- b) O uso de calquera clase de produtos pirotécnicos definidos na lexislación sectorial aplicable, sen autorización municipal.
- c) Utilizar os bancos e os asentos públicos para usos distintos os que están destinados.
- d) Lavarse ou bañarse, ou lavar roupa en fontes, estanques ou similares.
- e) Exercer oficios ou traballos nos espazos públicos sen a habilitación administrativa correspondente.
- f) Situar ou deixar abandonado na vía pública calquera obxecto que supoña risco para as persoas, afeen no entorno ou obstrúa o tránsito peonil e/o rodado.
- g) Acender fogueiras e fogatas, salvo en caso de celebracións ou festas populares que contén coa correspondente autorización municipal.
- h) Acceder ós edificios e instalacións públicas ou zonas non autorizadas fora dos seus horarios de utilización ou apertura.
- i) Prohíbense terminantemente as pelexas, agresións ou calquera outro comportamento análogo ós anteriores, cando con independencia da concorrencia dun resultado lesivo ou danoso, alteren a seguridade colectiva ou orixinen desordes nas vías públicas ou espazos públicos.
- j) Establécese a prohibición de dar de comer ós animais nas vías ou espazos públicos.
- k) Arrojar pedras ou outros obxectos as persoas, vehículos ou edificios.
- l) Sacudir manteles ou alfombras polas fiestras e balcóns á vía pública.

ARTIGO 47.- *Réxime de sancións.*

A realización das condutas descritas no artigo precedente é constitutiva de infracción leve, e sancionárase con multa de 200 ata 750 euros.

ARTIGO 48. *Intervencións específicas.*

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade poderá retirar e intervir cautelarmente o xénero, os materiais y os medios empregados.

2. Os servizos municipais adoptarán en cada caso as medidas que sexan procedentes en coordinación cos servizos sociais municipais ou, se procede, con outras institucións públicas e, se o estimaran necesario por razóns de saúde, acompañarán a estas persoas o establecemento ou servizo municipal apropiado, coa finalidade de socorrelas ou axudalas no posible. Neste caso non se imporá a sanción prevista.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

TÍTULO III

Disposicións comúns sobre réxime sancionador e outras medidas de aplicación

Capítulo I

Disposicións xerais

ARTIGO 49.- *Funcións da Policía Local relativas ó cumprimento da Ordenanza.*

1. Na súa condición de policía administrativa, a Policía Local e a encargada de velar polo cumprimento desta Ordenanza, de denunciar, cando proceda, as condutas que sexan contrarias a mesma, e de adoptar, no seu caso, as demais medidas de aplicación.

Os feitos constatados polos axentes da autoridade, e que se formalicen en documento público, con observancia dos requisitos legais pertinentes, teñen valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.

ARTIGO 50. *Condutas obstrucionistas as tarefas de control, investigación ou sanción nos ámbitos da convivencia e o civismo.*

1. Nos ámbitos da convivencia cidadá e o civismo, e salvagardando tódolos dereitos previstos no ordenamento xurídico, non se permiten as condutas seguintes:

- a) A negativa ou a resistencia as tarefas de inspección ou control do Concello.
- b) A negativa ou a resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polos funcionarios actuantes en cumprimento das súas funcións.
- c) Subministrar a os funcionarios actuantes, en cumprimento das súas labores de inspección, control ou sanción, información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro de maneira explícita ou implícita.
- d) O incumprimento das ordes ou os requirimentos específicos ormulados polas autoridades municipais ou os seus axentes.

2. Sen prexuízo da lexislación penal e sectorial, as condutas descritas no apartado anterior son constitutivas de infracción moi grave, que será sancionada con multa de 1.501 a 3.000 euros.

ARTIGO 51.- *Elementos probatorios dos axentes da autoridade.*

1. Nos procedementos sancionadores que se instrúan en aplicación desta Ordenanza, os feitos constatados por axentes da autoridade teñen valor probatorio, de acordo cá normativa aplicable ó efecto, sen prexuízo de outras probas que poidan aportar os interesados.



ARTIGO 52.- Denuncias cidadáns.

1. Sen prexuízo da existencia de outros interesados aparte do presunto infractor, calquera persoa pode presentar denuncias para por en coñecemento do Concello a existencia dun determinado feito que poida ser constitutivo dunha infracción do disposto nesta Ordenanza.
2. As denuncias deberán expresar a identidade da persoa ou persoas cas presentan, o relato dos feitos que puideran constituír infracción, a data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación das persoas presuntamente responsables.
3. Cando a denuncia vaxa acompañada dunha solicitude de iniciación do procedemento sancionador, o Concello deberá comunicar ó denunciante a iniciación ou non do mencionado procedemento e, no seu caso, a resolución que recaia.

ARTIGO 53- Persoas responsables.

1. Das diferentes infraccións será responsable a persoa física ou xurídica que cometa os feitos tipificados como tales. No caso de que, unha vez practicadas as dilixencias de investigación oportunas dirixidas a individualizar a persoa ou as persoas infractoras, non sexa posible determinar o grado de participación dos diversos suxeitos que haxan intervido na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.
2. Cando a responsabilidade dos feitos cometidos corresponda a menores de idade, responderán subsidiariamente os seus pais e nais, titores e titoras e gardadores e gardadoras legais ou de feito, por esta orde, en razón do incumprimento da obriga imposta a eles de previr a comisión de infraccións administrativas que se imputen aos menores de idade. A responsabilidade subsidiaria virá referida a sufragar a contía pecuniaria da multa imposta.
3. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais ou titores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Réxime sancionador

ARTÍGO 54. -Graduación das sancións.

1. A imposición das sancións previstas nesta Ordenanza guiarase pola aplicación do principio de proporcionalidade e, en todo caso, terase en conta os criterios de graduación seguintes:
 - a) A gravidade da infracción.
 - b) A existencia de intencionalidade.
 - c) A natureza dos prexuízos causados.



- d) A transcendencia da infracción
- d) A reincidencia.
- e) o beneficio obtido

2. Enténdese por reincidencia a condición de cometer unha infracción a lexislación na materia regulada pola presente ordenanza e que e o responsable haxa sido sancionado por resolución firme en vía administrativa por unha anterior infracción da mesma norma e mesma natureza no prazo dun ano anterior ó día en que se cometa o comezara a cometerse aquela infracción a que se pretende aplicar a reincidencia, salvo que na presente Ordenanza se estableza outra cosa.

ARTIGO 55- Substitución das multas e reparación dos danos por traballos en beneficio da comunidade.

1. A autoridade competente para a imposición das sancións poderá decidir, en función da sanción e da súa capacidade organizativa, a substitución, por solicitude do infractor ou do representante legal, pola realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade e asistencia a cursos formativos. Esta substitución non se poderá facer nas faltas moi graves.

2. Ademais, as sancións, poderanse substituír, despois de solicitude do infractor e no caso de menores de idade con coñecemento e aceptación os seus pais, tutores ou gardadores e coa compatibilidade coas actividades escolares, pola realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade que se establezan, de selo caso, polo Concello ou a realización destes traballos máis á asistencia a cursos ou sesión formativas que puideran impartirse sobre convivencia cidadá e civismo ou sobre consumo de alcohol e os seus efectos nocivos para a saúde que determine o Concello.

Non obstante, no caso de inasistencia ós cursos ou sesión formativas, traballos ou actividades en beneficio da comunidade procederase a executar a sanción pecuniaria.

Os traballos en beneficio da comunidade máis, no seu caso a asistencia a cursos e traballos terán una duración de entre 20 e 40 horas, no caso de infraccións leves e de, entre 40 e 80 horas no caso de infraccións graves.

3. Durante o tempo de duración da medida substitutiva, a autoridade competente efectuará o seguimento que considere oportuno sobre as asistencias e os resultados nas tarefas correspondentes.

5. O incumprimento total ou parcial da medida substitutiva determinará a esixencia da sanción inicialmente imposta, salvo que se produza por causa de forza maior.



ARTIGO 56.-Competencia e procedemento para a substitución das sancións.

1. É competente para a substitución das sancións económicas a mesma autoridade que o é para a imposición das mesmas.
2. O procedemento para a substitución incoarase cando o infractor manfeste, mediante a correspondente solicitude, a súa vontade de realizar traballos ou actividades en beneficio da comunidade ou a súa participación en cursos.
3. A substitución da sanción producirá os efectos de suspender o prazo de prescrición da mesma polo tempo previsto de duración dos traballos, actividades ou cursos.
4. Durante o tempo de substitución, a autoridade competente poderá efectuar o seguimento que considere oportuno sobre as asistencias e resultados das tarefas correspondentes.
5. A realización dos cursos, actividades ou traballos polos infractores de xeito satisfactorio suporá a remisión da sanción ou sancións impostas.
6. O incumprimento das medidas substitutorias ou a comisión dunha nova infracción das tipificadas en esta ordenanza suporán a execución da sanción imposta.

ARTIGO 57. Procedemento sancionador.

1. O procedemento sancionador será en xeral en tódolos casos en que non exista regulación específica do mesmo.
2. Cando a proposta de resolución do procedemento sancionador tramitado polo Concello conteña unha sanción que pola contía da multa ou polo seu carácter, non sexa de competencia municipal, elevarase o expediente ó órgano correspondente da Administración que sexa competente para impoñer a sanción que se propón, de conformidade cá lexislación sectorial aplicable.

ARTÍCULO 58.- Reparación de danos.

As sancións previstas nesta ordenanza enténdese sen prexuízo de que o Concello poida reclamar, polas vías legais, que sexan de aplicación, as indemnizacións polos danos sufridos no seu patrimonio como consecuencia de actos vandálicos cometidos con ocasión de actividades regulamentadas nesta ordenanza.

TITULO IV

Medidas de policía administrativa directa

ARTIGO 59.- Medidas de policía administrativa directa.

1. Os axentes da autoridade esixirán en todo momento o cumprimento inmediato das disposicións previstas nesta Ordenanza, e, sen prexuízo de proceder a denunciar as condutas antixurídicas, poderán requirir verbalmente as persoas que non respeten as



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

normas para que desistan na súa actitude ou comportamento, advertíndollas de que no caso de resistencia poden incorrer en responsabilidade penal por desobediencia.

2. Cando a infracción cometida provoque, ademais dunha perturbación da convivencia cidadá e o civismo, un deterioro do espazo público, requirirase ó seu causante para que proceda a súa reparación, restauración ou limpeza inmediata, cando sexa posible.

3. No caso de resistencia a estes requirimentos, e sen prexuízo do que se dispón no apartado 1 deste artigo, as persoas infractoras poderán ser desaloxadas, cumprindo en todo caso co principio de proporcionalidade.

4. A efectos de poder incoar o correspondente procedemento sancionador, os axentes da autoridade requirirán a persoa presuntamente responsable para que se identifique.

ARTIGO 60.- Decomisos.

1. Ademais dos supostos en que así se prevé expresamente nesta Ordenanza, os axentes da autoridade poderán, en todo caso, decomisar os utensilios e o xénero obxecto da infracción ou que serviron, directa o indirectamente, para a comisión de aquela, así como o diñeiro, os froitos ou os produtos obtidos coa actividade infractora, os cales quedarán baixo a custodia municipal mentres sexa necesario para a tramitación do procedemento sancionador ou, a falta de este, mentres perduren as circunstancias que motivaron o decomiso.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, segundo os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.